

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 8 DE XULLO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás trece horas do día oito de xullo de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. Garcia Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa don Juan González Leirós, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e don Daniel Mallo Castro.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

Tendo en conta que se considera necesaria a convocatoria dunha Xunta de Goberno local extraordinaria e urxente para aprobación dos expedientes de contratación.

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior, remitida a esta Alcaldía para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática) dos traballos de estudo, documentación, análise, descrición e valoración dos postos de traballo para a revisión da Relación de Postos de Traballo do Concello de Cambre (exped. 2021/C004/000018).

Tendo en conta que se trata dun expediente cuxa tramitación vén sendo demandada reiteradamente ao longo do tempo, tanto polos traballadores municipais como por todos os concelleiros que integran a Corporación, e que dende o Goberno municipal comprometémonos á súa tramitación.

Tendo en conta que a intención desta Alcaldía é que o prazo de presentación de ofertas (15 días naturais) teña lugar no mes de xullo, co fin de que, de ser posible, a mesa de contratación para apertura e valoración das ditas ofertas se celebre antes do inicio do mes de agosto, mes no que a ausencia de varios dos funcionarios implicados no procedemento podería alongar a súa xestión.

A urxencia na necesidade de adoptar o acordo de execución parcial e modificación dos lotes dos contratos que integran os expedientes nºs 2019/C004/000012 e 2019/C004/000013, tramitados para a realización dos servizos e subministracións precisos para levar a cabo a romaría Galaico-romana "Galaicoi", estriba na necesidade de

axustar a realización deste evento ás circunstancias epidemiolóxicas e sanitarias actuais, que fan preciso a adaptación dos actos a realizar á situación actual. Tendo en conta que resulta posible manter para o ano 2021 parte das actividades previstas para a Galaicoi, e, en concreto, unha das que ven sendo mais características dela, como son as representacións teatrais, e tendo en conta que estas precisan de son e iluminación para o seu desenvolvemento, se ben neste caso, as prestacións a satisfacer pola empresa adxudicataria deberán modificarse, ao requirirse soamente as necesarias para dar soporte ás representacións teatrais, deben adoptarse os acordos de execución e modificación o máis axiña posible para que poidan levarse a cabo estes actos previstos nas datas establecidas, que son o 16 e 17 de xullo deste ano 2021.

Estas circunstancias motivan a urxencia da realización da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local."

Por todo isto, o señor presidente manifesta que considera adecuadamente xustificada a urxencia da convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

"a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros."

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º. Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C004/000018, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), correspondente aos traballos de estudo, documentación, análise, descrición e valoración dos postos de traballo para a revisión da relación de postos de traballo do Concello de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de xullo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data do 7 de xullo de 2021, elaborouse polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, a memoria xustificativa da necesidade e idoneidade dos traballos de revisión da relación de postos de traballo do Concello de Cambre, cun orzamento base de licitación de 45.079,32 euros e un valor estimado de 37.255,64 euros.

Coa mesma data, asíñase polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior o prego de prescricións técnicas e o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, execución defectuosa e penalidades administrativas, e condicións especiais de execución do contrato.

Consta documento de retención de crédito (RC), asinado o 9 de xuño de 2021 polo interventor municipal, respecto da existencia no orzamento de 2021 de crédito suficiente por importe de 45.079,32 euros, na aplicación orzamentaria 920.22799.

Respecto do procedemento de adxudicación, na memoria xustificativa propónse como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado, iso a teor do establecido nos artigos 131.2 e 159 da LCSP.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral e interventor municipal, de data 8 de xullo de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, declarar motivada no expediente a necesidade do contrato, tendo en conta que teñen pasado máis de 20 anos dende que o Pleno da Corporación de Cambre aprobou o 7 de abril de 1999 a RPT actualmente vixente, e que o crecemento producido no cadro de persoal fai necesario adecuar os recursos humanos da Corporación aos servizos e necesidades actuais, optimizando o capital humano para dar cumprimento aos fins institucionais e afrontar os retos de futuro, polo que é necesario levar a cabo un estudo en profundidade da actual estrutura administrativa para determinar unha adecuada organización municipal, axustada á realidade actual e ás obrigas que ten que afrontar o concello, permitindo, no seu caso, a posible creación de novos postos de traballo para o futuro no que as disposicións legais o permitan, isto dentro das competencias de autoorganización das Administracións públicas para estruturar os seus recursos humanos de acordo coas normas que regulan a selección, a promoción profesional, a mobilidade e a distribución de funcións, de conformidade co previsto no art. 72 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto-lexislativo 5/2015, sendo necesario, para tal fin, as relacións de postos de traballo que, como establece o art.15.1 da Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública, constitúen o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada un dos postos de traballo.

No mesmo senso, o art. 74 do dito texto refundido, segundo o cal: *“As Administracións públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán polo menos, a denominación do posto, os grupos de clasificación profesional, os corpos e escalas, no seu caso, aos que están adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias.”*

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C004/000018, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- | | |
|---------------------------------|---|
| - Obxecto do contrato: | Traballos de estudo, documentación, análise, descrición e valoración dos postos de traballo para a revisión da Relación de Postos de Traballo do Concello de Cambre |
| - Orzamento base de licitación: | 45.079,32 euros |
| - Valor estimado: | 37.255,64 euros |
| - Duración: | 6 meses |

isto a teor do establecido nos artigos 131,159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 920.22799.

Cuarto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira

A xefa da Unidade de Réxime Interior, dona Paula Villamisar Varela e, como suplente, a responsable da Axencia de Desenvolvemento Socioeconómico, dona Ana María Portela Torrón

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Quinto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que non se realizará a revisión do prezo do contrato, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto das modificacións contractuais non previstas do artigo 205 da LCSP.

Sexto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3º.- Proposta de execución dos servizos correspondentes ao contrato prorrogado para a realización da representación de dúas obras de teatro clásico (lote nº 2) no expediente incoado co nº 2019/C002/000013, e proposta de execución e modificación dos servizos correspondentes ao contrato prorrogado para a sonorización e iluminación para a Romaría "Galaicoi" e para as representacións teatrais programadas no anfiteatro durante a súa celebración (lote nº 5) e de non execución dos servizos e subministracións correspondentes aos contratos prorrogados para a organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaico - romano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da Romaría (lote nº 1) e para o alugueiro, instalación, mantemento e retirada de servizos sanitarios químicos durante o desenvolvemento da Romaría (lote nº 2) no expediente incoado co nº 2019/C004/000012.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de xullo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Por resolución nº 401/2019 do concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, de data 28 de febreiro de 2019, aprobouse a actividade, desenvolvemento e orzamento da IV Romaría Galaico Romana 2019 “Galaicoi”.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día doce de xullo de dous mil dezanove, adoptou os acordos de adxudicación dos lotes nºs 1, 2 e 5 no expediente incoado co nº 2019/C004/000012, para execución do “contrato mixto de servizos e subministracións para a organización do mercado galaico - romano “Galaicoi” e dotación de infraestruturas necesarias para a realización da IV romaría galaico - romana “Galaicoi” a celebrar no Concello de Cambre”, ás empresas que seguidamente se relacionan:

- Lote nº 1: Servizo de organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaicoromano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da Romaría, á empresa “Espectáculos A. M. B. Producciones, S.L.”, con NIF *****7236 e enderezo na rúa San Martín 25, 46970 Alaquás (Valencia), no prezo ofertado para o ano 2019, co compromiso de mantelo para o caso de que se acordase a prórroga contractual ao ano 2020, de 19.600,00 euros sen IVE (23.716,00 euros IVE incluído).
- Lote nº 2: Alugueiro, instalación, mantemento e retirada de servizos sanitarios químicos, á empresa “Suministros Generales Manufacturados, S.L.”, con NIF *****9681 e enderezo na rúa Perpetuo Socorro 1, baixo, 15006 A Coruña, no prezo ofertado para o ano 2019, co compromiso de mantelo para o caso de que se acordase a prórroga contractual ao ano 2020, de 1.100 euros sen IVE (1.331,00 euros IVE incluído).
- Lote nº 5: Servizos de sonorización e iluminación para a Romaría e para as representacións teatrais, á empresa “Fluge Galicia, S.L.”, con NIF *****7883 e enderezo na Avenida de la Técnica 13, 28522 Rivas - Vaciamadrid, (Madrid), no prezo ofertado para o ano 2019, co compromiso de mantelo para o caso de que se acordase a prórroga contractual ao ano 2020, de 4.545,00 euros sen IVE (5.499,45 euros IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día doce de xullo de dous mil dezanove, adoptou ademais o acordo de adxudicación do lote nº 2 no expediente incoado co nº 2019/C004/000013, para execución do servizo de realización da representación de dúas obras de teatro clásico dentro das actividades da Romaría Galaico Romana “Galaicoi”, á empresa que seguidamente se relaciona:

- Lote nº 2: Servizo de realización da representación de dúas obras de teatro clásico dentro das actividades da Romaría Galaico Romana “Galaicoi”, á empresa “Artestudio Xestión Cultural, S.L.”, con NIF *****6008 e enderezo na rúa Marina Nieto Álvarez 12, 15009 A Coruña, no prezo ofertado para o ano 2019, co compromiso de mantelo para o caso de que se acordase a prórroga contractual ao ano 2020, de 1.960,00 euros sen IVE (2.371,60 euros IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día vinte e seis de decembro de dous mil dezanove, adoptou os acordos de aprobar as prórrogas á anualidade 2020 dos contratos asinados coas empresas adxudicatarias da prestación dos servizos e subministracións necesarios para a organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaico - romano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da Romaría (lote nº 1, empresa “Espectáculos A.M.B. Producciones, S.L.”, contrato asinado o 16/07/2019), para o alugueiro, instalación, mantemento e retirada de servizos sanitarios químicos durante o desenvolvemento da Romaría (lote nº 2, empresa “Suministros Generales Manufacturados, S.L.”, contrato asinado o 17/07/2019) e para o servizo de sonorización e iluminación para a Romaría e para as representacións teatrais programadas no anfiteatro durante a súa celebración (lote nº 5, empresa “Fluge Galicia S.L”, contrato asinado o 17/07/2019) do expediente incoado co nº 2019/C004/000012 (contrato mixto de servizos e subministracións para a organización do mercado galaico - romano “Galaicoi”). Adoptouse igualmente o acordo de aprobar a prórroga á anualidade

2020 do contrato asinado coa empresa adxudicataria da prestación do servizo de realización da representación de dúas obras de teatro clásico dentro das actividades da Romaría Galaico Romana "Galaicoi" (lote nº 2, empresa "Artestudio Xestión Cultural, S.L.", contrato asinado o 17/07/2019) do expediente incoado co nº 2019/C004/000013 (contrato de servizos de realización de actividades de recreación e teatrais durante a IV Romaría Galaico - Romana "Galaicoi").

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 23 de xuño de 2020, aprobou manter as prórrogas para o ano 2021 para o caso de que a Romaría puidera celebrarse dos contratos correspondentes aos lotes nos 1, 2 e 5 do expediente nº 2019/C004/000012 e ao lote nº 2 do expediente nº 2019/C004/000013, de acordo co establecido nos seus respectivos pregos de cláusulas administrativas particulares, conforme ás ofertas presentadas polas empresas adxudicatarias e nas mesmas condicións, tal e como consta a continuación:

- Servizo de organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaico romano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da Romaría galaico - romana "Galaicoi" (lote nº 1, expediente nº 2019/C004/000012), á empresa "Espectáculos A.M.B. Producciones, S.L."
- Servizo de "Alugueiro, instalación, mantemento e retirada de servizos sanitarios químicos durante o desenvolvemento da romaría (lote nº 2, expediente nº 2019/C004/000012), á empresa "Suministros Generales Manufacturados, S.L. - Sugema S.L."
- Servizos de sonorización e iluminación para a Romaría e para as representacións teatrais (lote nº 5, expediente nº 2019/C004/000012), á empresa "Fluge Galicia, S.L."
- Servizo de realización da representación de dúas obras de teatro clásico dentro das actividades da Romaría Galaico Romana "Galaicoi (lote nº 2, expediente nº 2019/C004/000013)", á empresa "Artestudio Xestión Cultural, S.L."

Con data do 5 de xullo de 2021 emítase informe polo técnico en promoción económica don José Luis González Cardalda, no que fai constar que , por mor da evolución da crise sanitaria ocasionada pola Covid 19, sería moi complexo o desenvolvemento dunha Romaría como a Galaicoi coas características coas que esta viña celebrándose en anos anteriores, optando o Concello pola cancelación dos eventos que supoñían unha maior presenza de público, como a Galaicoi ou o Rock in Cambre, ou polo mantemento dos formatos mais seguros. Imperaron na toma desta decisión os principios de prudencia e precaución que deben presidir unha situación como a que se está a pasar, tendo en conta as especificidades propias do Concello e xa que aínda non se completou o proceso de vacinación e, polo tanto, non se acadaron aínda os índices de inmunidade desexables.

Sen embargo, indica o técnico municipal, si resulta posible manter para o ano 2021 parte das actividades previstas e, en concreto, unha das que ven sendo mais características da Galaicoi, como son as representacións teatrais, incluídas na prórroga do contrato correspondente ao lote nº 2 do expediente nº 2019/C004/000013 (contrato de servizos de realización de actividades de recreación e teatrais durante a IV Romaría Galaico - Romana "Galaicoi"). Como consecuencia do mantemento das representacións teatrais, que precisan de son e iluminación para o seu desenvolvemento, debe manterse tamén a prórroga do contrato correspondente ao lote nº 5 do expediente nº 2019/C004/000012 (servizo de sonorización e iluminación para a Romaría e para as representacións teatrais programadas no anfiteatro durante a súa celebración), si ben neste caso, as prestacións a satisfacer pola empresa adxudicataria deberán modificarse, ao requirirse soamente as necesarias para dar soporte ás representacións teatrais, prescindindo das que operaban sobre o resto das actividades da Romaría.

Por todo elo, o técnico informante propón executar os servizos correspondentes ao Lote nº 2 do exp. nº 2019/C004/000013 (obras de teatro clásico) e mailo Lote nº 5 do exp. 2019/C004/000012 (sonorización e iluminación), se ben modificando este último, suprimindo parte das prestacións inicialmente contratadas e

prorrogadas (en concreto as prestacións de son nos postos e no Castro), polo que o contrato reduce o seu importe ata 2.774,95 euros (en lugar dos 5.499,45 do contrato orixinal).

Consta no expediente a conformidade das empresas adxudicatarias dos lotes afectados para a execución destas prestacións no ano 2021.

Consta documento de retención de crédito para facer fronte ao gasto correspondente aos dos lotes a executar durante este verán, por un importe total de 5.146.55 euros con cargo á aplicación orzamentaria 430.22612

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral e máis do interventor da Corporación con data do 08/07/2021, que contén a proposta de acordos a adoptar

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Executar os servizos correspondentes ao contrato prorrogado para o ano 2021 mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de xuño de 2020, para a realización da representación de dúas obras de teatro clásico dentro das actividades da Romaría Galaico Romana "Galaicoi" (lote nº 2 do expediente nº 2019/C004/000013), por parte da empresa "Artestudio Xestión Cultural, S.L, para poder realizar a representación das obras de teatro clásico e manter vivo o espírito da Romaría durante a semana da súa celebración, razón pola que é preciso manter a prórroga do contrato de referencia de conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dos "Servizos de realización de actividades de recreación e teatrais durante a IV Romaría Galaico - Romana "Galaicoi", conforme á oferta presentada pola empresa e nas mesmas condicións.

Segundo: Aprobar a modificación do contrato prorrogado para o ano 2021, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de xuño de 2020, para a prestación dos servizos de sonorización e iluminación para a Romaría e para as representacións teatrais programadas no anfiteatro durante a súa celebración (lote nº 5 do expediente nº 2019/C004/000012), por parte da empresa "Fluge Galicia, S.L.", isto motivado pola realización da representación de dúas obras de teatro clásicas que precisan contar coa parte dos servizos de sonorización e iluminación prestados no anfiteatro durante as representacións teatrais, de conformidade co establecido no art. 204 e concordantes da Lei 9/2017 de contratos do sector público e cláusula 25 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da "Organización do mercado galaico - romano Galaicoi e dotación de infraestruturas necesarias para a realización da IV Romaría Galaico - Romana Galaicoi", conforme á oferta presentada pola empresa e nas mesmas condicións, coas modificacións expresamente aceptadas pola empresa e que consisten na supresión dos servizos de son tanto nos postos da romaría como no Castro, toda vez que no presente exercicio non se vai realizar a romaría e o mercado da Galaicoi na súa configuración inicial por mor da situación sanitaria.

A modificación indicada supón unha redución do prezo do contrato, que pasará a ser para este exercicio 2021 de 2.774,95 euros IVE incluído, en lugar dos 5.499,45 euros do contrato inicial, constando a conformidade do adxudicatario á redución do importe citado, esto segundo escrito presentado pola empresa "Fluge Galicia S.L." con data do 07/07/2021 e rexistrado ao nº 202199900003683.

Terceiro: Non executar os servizos e as subministracións correspondentes ao contrato prorrogado para o ano 2021 mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de xuño de 2020, para a organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaico romano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da Romaría galaico - romana "Galaicoi" (lote nº 1 do expediente nº 2019/C004/000012) por parte da empresa "Espectáculos A.M.B. Producciones, S.L.", por non poder celebrarse a Romaría na súa configuración inicial polas

circunstancias derivadas da crise sanitaria ocasionada polo Covid - 19, circunstancias que persisten en parte na actualidade e que imposibilitan a realización das prestación obxecto desta contratación.

Cuarto: Non executar os servizos correspondentes ao contrato prorrogado para o ano 2021 mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de xuño de 2020 para o alugueiro, instalación, mantemento e retirada de servizos sanitarios químicos durante o desenvolvemento da romaría (lote nº 2 do expediente nº 2019/C004/000012) por parte da empresa "Suministros Generales Manufacturados, S.L." (Sugema S.L.), para o ano 2021, por non poder celebrarse a Romaría na súa configuración inicial polas circunstancias derivadas da crise sanitaria ocasionada polo Covid - 19, circunstancias que persisten en parte na actualidade e que imposibilitan a realización das prestacións obxecto desta contratación.

Quinto : En consecuencia co anterior, aprobar o gasto por importe total de 5.146,55 euros a cargo da aplicación orzamentaria 430.22612

Sexto : Requirir á entidade adxudicataria do Lote nº 5 no exp. 2019/C004/000012, "Fluge Galicia, S.L." , para que, no prazo de quince días naturais, que comenzarán a contar a partir da notificación destes acordos, proceda á formalización da modificación do contrato, sen que proceda o reaxuste da garantía definitiva , esto de conformidade co establecido nos artigos 203.3 e 109.3 da LCSP.

Setimo : Tendo en conta o establecido no artigo 207.3 in fine da Lei 9/2017, publicar un anuncio de modificación no Perfil de contratante do Concello de Cambre , integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado de todos os informes emitidos con carácter previo á súa aprobación.

Oitavo : Notificar os presentes acordos ás empresas interesadas, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: Dar traslado dos presentes acordos ao responsable do contrato e máis ao Departamento de Intervención municipal, para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as trece horas e dez minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

O presidente

Óscar Alfonso García Patiño

A secretaria xeral

Maria Luisa de la Red Ampudia